

NADAL 2018

Actividades para os clubs da Rede Museística — Museo Fortaleza San Paio de Narla—



*Os nenos camiñan
e xogan e brincan
na rúa calada
que cobren de risas.*

*E inventan trouleiros
palabras de neve
que borran as penas
que a terra non quere.*

*Cantigas e risas
veñen anunciar
que peta na porta
a luz do Nadal.*

*Un Nadal que amose
como vai a vida.
Un Nadal que cure
Con paz as feridas.*

*Un Nadal
que abrigue.
Un Nadal
Turrón!
Un Nadal
que acougue!
Un Nadal
Canción!*

Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, 2017.
'A luz do Nadal', letra de canción para o disco "Xa me tardan este Magos", de Mamá Cabra, 2011.

Volve o Nadal e os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo pregoamos o noso programa de obradoiros e actividades para estas datas. Como é costume cada museo da Rede Museística (Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar, Museo Fortaleza San Paio de Narla e Museo Pazo de Tor) desenvolve diferentes actividades nas respectivas sedes, tendo en conta as peculiaridades das coleccións que albergan e as demandas do seu público. Desde o Goberno da Deputación de Lugo e a través da Rede Museística e dos catro museos que a integran pretendemos promover un lecer activo, creativo, sempre participativo. Nestas datas nas que celebramos con moita ilusión a

renovación, a “luz do Nadal”, que anuncia a chegada dun novo ano, desexamos que gocedes das festas, da familia, dos amigos e tamén do descanso ... pero non esquezades que os museos estamos aquí, sempre dispostos a atendervos. As inscricións deben formalizarse no Museo onde se vaia realizar a actividade e o prazo manterase aberto ata que se cubran as prazas ofertadas.

PROGRAMA

>>Visitas guiadas gratuítas

-Musavisitas pola Rede

Ás 12:00 horas e ás 17:00 horas (agás os luns).

>> Obradoiro: *Pensando en arte e canalizando emocións*

Obxectivo: Ver, sentir e vivir de novas formas o museo, prácticas e procesos que potencian os sentidos, as emocións, a imaxinación e así formar nenxs activxs e creativxs.

Idades: Todas as idades

Data: 22 de decembro de 2018.

Horario:12:00 horas

>> Obradoiro: *Econadal*

Consideramos que a educación ambiental debe xogar un papel fundamental na vida dxs máis pequenxs xa que se trata dun proceso de formación que permite a toma de conciencia da importancia do medio ambiente. Reflexionamos sobre os problemas que sofre o medio ambiente, empregamos materiais reciclables para elaborar adornos de Nadal e escribimos os nosos “ecodesexos”.

Data: 26 de decembro de 2018.

Idades: Club Pequeamig@s

Horario: de 12:00 a 14:00h.

Participantes: 10

>> Obradoiro: *Contos ao revés.*

Prestamos atención aos contos infantís, un recurso educativo de primeira orde que debe estar libre de sexismos e estereotipos de xénero. Lemos entre todas e todos un exemplo, reflexionamos sobre el e redactamos o noso propio conto.

Data: 2 de xaneiro de 2019.

Idades: Club Pequeamig@s

Horario: de 12:00 a 13:30h.

Participantes: 15

>> Obradoiro: *A túa mirada conta*

Percorremos o museo na procura dalgún obxecto ou personaxe que nos chame a atención e inventamos unha pequena historia ao respecto. Aprendemos a redactar e a ler en voz alta. Xogamos coa nosa creatividade e a nosa capacidade de inventiva.

Data: 4 de xaneiro de 2019

Idades: Club Pequeamig@s

Horario: de 12:00 a 13:30h.

Participantes: 12

>> Obradoiro: *Mapa mental da etnografía e da servidume*

Obxectivo: Analizar e descubrir distintas formas de interpretar unha exposición permanente, creando o noso propio mapa mental.

Idades: Todas as idades

Data: 5 de xaneiro de 2019.

Horario: 12:00 horas.

Se nos visitas nestas datas non deixes de visitar as exposicións temporais e as salas permanentes do Museo.

Museo Fortaleza de San Paio de Narla, Friol . Tfno.: 982 37 51 56 /
sanpaiodenarla@museolugo.org

Xerencia da Rede Museística: Tfno.: 699 836 883 / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA